

Venres, 10 de novembro de 2023

Núm. 217

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GROVE, O****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DO PREZO PÚBLICO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS
DO CONCELLO DO GROVE**ANUNCIO**APROBACIÓN MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DO PREZO PÚBLICO DAS ACTIVIDADES
DEPORTIVAS DO CONCELLO DO GROVE.*

En sesión celebrada o 30/10/2023 a Xunta de Goberno Local aprobou a modificación das tarifas do prezo público das actividades deportivas do concello do Grove, co seguinte texto definitivo:

Á vista, de que existen na actualidade tres acordos de XGL de datas:

- 27.09.2021, expediente nº 2884/2021. Modificación das tarifas do prezo público das actividades deportivas do Concello do Grove pola inclusión de zumba e tonificación.
- 19.12.2022, expediente nº 4251/2022. Modificación do prezo público das actividades deportivas do Concello do Grove pola inclusión das clases de tenis.
- 04.10.2023, expediente nº 2802/2023. Modificación das tarifas do prezo público das clases de pádel.

nos que se fixan as modificacións das tarifas do prezo público de diferentes actividades deportivas do Concello do Grove.

Resulta necesario unificar todas as modificacións realizadas nas tarifas citadas, así como modificar os horarios, o lugar de impartición, e a inclusión de novas actividades, como tenis e taichi nun só texto a efectos da súa publicación no BOPPO e na OVT, facilitando deste xeito a consulta os diferentes usuarios das actividades deportivas ofertadas polo Concello.

SEGUNDO.— Deste xeito, coas modificacións propostas, os cadros dos horarios e as tarifas do prezo público das actividades deportivas do concello, é o seguinte:

HORARIOS

ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIOS	Nº DE INSCRICIÓN	INSTALACIÓN
Piscina	Luns, mércores e xoves	09:00-10:00 h	15	Piscina "Talaso Louxo"
Ximnasia maiores	Martes e xoves	09:00-10:00 h	30	Pavillón Monte da Vila



Venres, 10 de novembro de 2023

Núm. 217

ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIOS	Nº DE INSCRICIÓNS	INSTALACIÓN
Ximnasia adult@s	Luns e mércores	20:30- 21:30 h	21	Pavillón Rosalía de Castro
Tonificación	Luns e mércores	10:45-11:45 h	20	Pavillón Monte da Vila
Zumba	*Por definir	*Por definir	*Por definir	*Por definir
Bodyjump	*Por definir	*Por definir	18	*Por definir
Clases de pádel	De luns a venres	Mañá e tarde	Segundo a capacidade	Pistas de pádel. Pavillón Novo Monte da Vila
Tenis	*Por definir	*Por definir	*Por definir	*Por definir
Taichi	Martes e xoves	20:00-21:00 h	28	"Colexio das Monxas"

DESTINATARIOS

- A piscina e a ximnasia para maiores están dirixidas a persoas maiores de 50 anos.
- A ximnasia para adult@s, é unha actividade principalmente dirixida a mulleres e homes de mediana idade.
- As actividades de bodyjump, tonificación e zumba están pensadas para realizar toda a poboación de 14 anos en diante.
- As actividades de taichi, están dirixidas a toda a poboación a partir dos 18 anos.
- As clases de tenis, están dirixidas a rapaces a partir dos 6 anos.

TARIFAS

ACTIVIDADE	1 SESIÓN/SEMANA	2 SESIÓNS/SEMANA
Piscina	24 €	42 €
Ximnasia maiores		12 €
Ximnasia mulleres		12 €
Bodyjump/Tonificación/Zumba/Taichi		17 €

TARIFA DE PREZOS DAS CLASES DE PÁDEL (unha hora á semana)

CLASES DE PÁDEL	PREZO (09:00-18:00 h)
Clase 4 persoas adultos (1 hora / semana) (a partir dos 18 anos)	22 €/mes
Escola de nenos/as (1 hora / semana) (grupo de nenos/as de 6 a 12 anos)	12 €/mes
Clases de rapaces (1 hora / semana) (grupo de rapaces/as de 13 a 18 anos)	18 €/mes

A tarifa de prezos das clases de tenis é a mesma que a tarifa de prezos das clases de pádel, segundo o acordo de XGL de data do 19.12.2023.

NORMAS DE XESTIÓN DAS DIFERENTES ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

Estímase necesario contemplar distintas normas de xestión para garantir un adecuado funcionamento do servizo das actividades deportivas:



Venres, 10 de novembro de 2023

Núm. 217

- O dereito da Administración a esixir-lo pagamento do prezo público virá determinado pola inscrición do alumno. O período de devindicación será mensual, abonándose os recibos dentro dos 15 primeiros días do mes seguintes da finalización do mes, mediante domiciliación bancaria na conta sinalada polo alumno/a ou titor legal no caso de nenos menores de idade na solicitude de inscrición
- As baixas na actividade deberán ser comunicadas antes do remate do mes en curso por escrito no rexistro municipal ou a través da sede electrónica. Tódalas solicitudes de baixa presentadas no Rexistro despois do día 1 do mes seguinte, terán que aboar o recibo completo e terán efectos ao mes seguinte.
- Non cabe a posibilidade de fraccionamento de pago das mensualidades nin as baixas por semanas nin quincenas.
- Non se recuperarán as clases, excepto cando o Concello non poida impartir a actividade.
- As persoas que queden sen praza pasarán a unha lista de espera. Serán avisadas telefonicamente por orde de entrada no Rexistro do Concello a medida que se produzan baixas durante o mes.
- O comezo das clases, así como a confirmación de horarios e dos grupos será comunicado telefonicamente. Non se poderá comezar a clase sen a comunicación previa.
- No caso de devolución dun recibo pola entidade bancaria correspondente, notificarase por escrito ao alumno ou titor/ra, establecéndose un prazo para que os interesados fagan efectivo o abono do importe do recibo na entidade bancaria que se lle indique. No caso de non realizar dito pagamento no prazo previsto, procederase á baixa do alumno. Polo tanto, o non pagamento de dúas cotas dará lugar a baixa definitiva na actividade.

De producirse a devolución dos recibos enviados ao banco, os gatos ocasionados correrá a cargo do titular do recibo.

Os alumnos que teñen recibos pendentes dun curso, non poderán realizar a inscrición no curso seguinte.

A efectos de poder elaborar as listaxes de cobros mensuais, remitirase polo Departamento de Tesourería-Recadación, (mentres non sexa cuberta a praza de técnico/a de Deportes), as altas e baixas do período en cuestión, aos monitores das diferentes actividades.

Cada monitor deberá presentar a listaxe para o cobro dos recibos dos alumnos/as mensualmente, nos 5 primeiros días de cada mes. A listaxe deberá estar asinada polos seus respectivos monitores e incluírán as altas e as baixas facilitadas polo Departamento de Tesourería-Recadación.

Respecto das clases de pádel, a listaxe deberá levar o visto e praxe da Concellería de Deportes, así como, o cuadrante do mes e as horas impartidas de clase por cada un dos monitores.

Para xeral coñecemento e efectos, publicarase a presente modificación no BOPPO, na OVT, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica.

O Alcalde: Jose A. Cacabelos Rico.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: C4UF46LAAUS50ECG

